



COMUNICACIÓN



Emoticonas (Pixaline, Pixabay Content License)



ÍNDICE

COMUNICACIÓN

1. COMUNICACIÓN.....	1
1.1 Elementos da comunicación.....	1
1.1.1 Exemplos.....	1
<i>Exercicios</i>	2
1.2 Funcións lingüísticas.....	3
1.2.1 Tipos e exemplos.....	4
<i>Exercicios</i>	4
2. COMUNICACIÓN NON VERBAL.....	6
<i>Exercicios</i>	6
SOLUCIÓN.....	8
Exercicio 1.....	8
Exercicio 2.....	8
Exercicio 3.....	9
Exercicio 4.....	9
Exercicio 5.....	9

1. COMUNICACIÓN

Para que se produza unha comunicación con éxito é preciso o bo funcionamento dos **elementos da comunicación**: unha persoa (o **emisor**) envíalle unha información (a **mensaxe**) a outra persoa (o **receptor**) a través dun medio determinado (a **canle**). O emisor e o receptor deben compartir a mesma lingua ou outro tipo de sistema (o **código**).

Por outra banda, as **funcións lingüísticas** reflicten as distintas **intencións que o emisor ten** cando se comunica: se o emisor pon o foco en si mesmo está empregando a función **expresiva**; se o pon no receptor, a **apelativa**; se o pon na **mensaxe**, a poética; se o pon na canle a **fática** e se o pon no código, a **metalingüística**.

Podes dicir "Ola!" ou podes erguer a man, ambas as dúas son distintas opcións de saudar. Se optas pola primeira opción estás empregando a **comunicación verbal** porque botas man da lingua. En cambio, se optas pola segunda escolla estás empregando a comunicación non verbal, posto que prescindes da lingua para comunicarte.

1.1 Elementos da comunicación

Cada vez que envías ou recibes unha mensaxe están presentes unha serie de factores denominados **elementos da comunicación**. Os máis esenciais son os seguintes:

- **Emisor**: envía a información.
- **Receptor**: recibe a información.
- **Mensaxe**: información que se transmite.
- **Canle**: medio polo que se transmite unha mensaxe.
- **Código**: lingua ou calquera outro xeito de comunicación (xestos, posturas...). Para que se produza un intercambio de información, o emisor e o receptor deben compartir o mesmo código.

1.1.1 Exemplos

Exemplo 1:

Contexto: O alumnado do San Clemente preparando esta unidade na súa casa.

- Emisor: o docente que redactou os apuntamentos.
- Receptor: o alumnado que le as anotacións escritas polo docente.
- Mensaxe: contidos relativos á comunicación.
- Canle: aula virtual do San Clemente.
- Código: lingua galega.



Exemplo 2:

Contexto: Unha persoa pide silencio na biblioteca "Guarden silencio, por favor".

- Emisor: persoa que pide silencio.
- Receptor: persoas que falan na biblioteca.
- Mensaxe: petición de silencio.
- Canle: o aire.
- Código: lingua castelá.

Exemplo 3:

Contexto: Un empregado envía un correo electrónico escrito en galego á empresa porque non pode asistir ao traballo.

- Emisor: o empregado.
- Receptor: a empresa.
- Mensaxe: non asistencia ao traballo.
- Canle: correo electrónico.
- Código: lingua galega.

Exemplo 4

Contexto: Expulsión dunha xogadora de fútbol do campo.

- Emisor: persoa que arbitra.
- Receptor: xogadora expulsada.
- Mensaxe: expulsión.
- Canle: tarxeta.
- Código: a cor da tarxeta.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Completa:

Contexto 1: Unha avoa nárralle un conto popular galego ás súas netas.

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código
--------	----------	---------	-------	--------

--	--	--	--	--

Contexto 2: Sofía felicita a súa irmá polo seu aniversario cunha tarxeta que pon "Congratulations!".

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código

Contexto 3: Xulia saúda a súa veciña desde o coche levantando a man.

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código

Exercicio 2

Inventa un diálogo e indica os elementos da comunicación presentes nel:



"Diálogo" Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso

Contexto:

Emisor:

Receptor:

Mensaxe:

Canle:

Código:

1.2 Funcións lingüísticas

As **funcións lingüísticas** reflicten as **intencións que o emisor ten** cando transmite unha información. Estas están estreitamente **ligadas aos elementos do acto comunicativo**. Dependendo do elemento da comunicación no que o emisor pon o foco, xorden as distintas funcións lingüísticas:

Funcións lingüísticas	Elementos do acto comunicativo
Expresiva	Emisor
Apelativa	Receptor
Fática	Canle
Poética	Mensaxe
Metalingüística	Código

1.2.1 Tipos e exemplos

- **Función expresiva:** o **emisor** pon o foco en si mesmo manifestando os seus sentimentos.
 - Que feliz me sinto!
 - A verdade é que estou emocionada.
- **Función apelativa:** o emisor trata de chamar a atención do **receptor** para influír no seu comportamento.
 - Podes traerme un café, por favor?
 - Calade!
- **Función fática:** o emisor trata de comprobar a operatividade da **canle**.
 - *Escóitame?* Estou nun sitio con pouca cobertura...
 - Si?, ola!, óesme ben?
- **Función poética:** o emisor centra a súa atención na forma da **mensaxe**.
 - Unha vez tiver un cravo cravado no corazón, eu non me acordo xa se era aquel cravo de ouro, de ferro ou de amor. (Rosalía de Castro)
 - O que non ten que facer sacha os nabos antes de nacer.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Indica a función lingüística presente en cada unha das seguintes oracións:

- a) Síntome exhausta!

- b) Si?, si?, óesme?
- c) Prohibido o paso.
- d) Ei!, escóitame, é que estou no ascensor...
- e) Sentade e permanecede en silencio, por favor.
- f) Ao mal pagador, máis vale darlle ca prestarlle.
- g) A palabra harmonía escríbese con h.
- h) En xaneiro, frío no corpo enteiro.
- i) Estou moi orgullosa de min mesma.
- l) As palabras monosílabas teñen unha soa sílaba.

Exercicio 4

Indica a función lingüística presente en cada unha das seguintes imaxes:

a) Función



"Sentimentos" Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso

b) Función



"Orde" Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso

2. COMUNICACIÓN NON VERBAL

“Unha imaxe vale máis ca mil palabras” ou “a cara é o espello da alma” son expresións que seguramente escoitaches algunha vez e que fan referencia á **comunicación non verbal**. En efecto, podes transmitir información sen necesidade de empregar a lingua:

- **Expresión facial:** o **sorriso** e a **mirada** son dous elementos a través dos cales podes amosar enfado, complicidade, alegría etc.
- **Posición corporal:** hai posicións que te delatan, como por exemplo os brazos cruzados, as mans nos petos ou estar estomballado nunha cadeira evidencian falta de interese ou de ánimo, aburrimiento, cansazo etc.
- **Distancia co interlocutor:** inconscientemente, dependendo do nivel de confianza e familiaridade que teñas coa túa persoa interlocutora, optas por manter unha distancia espacial maior ou menor con ela.

A comunicación non verbal pode chegar a ti a través da vista, do oído ou do tacto. Son **visuais** as cores do semáforo ou a cor da tarxeta nun partido de fútbol, son **auditivos** a sirena dunha ambulancia ou o timbre do despertador e son **táctiles** unha caricia ou un belisco.



EXERCICIOS

Exercicio 5

Indica a mensaxe que transmite cada xesto nas seguintes situacións:

Situación 1: Unha persoa engurra o cello porque está nun atasco e chega tarde ao seu posto de traballo. O **cello engurrado** transmite:

- Alegría.
- Preocupación.
- Tranquilidade.
- Noxo.

Situación 2: Unha persoa está aburrida e a súa amiga chíscalle o ollo mentres lle propón un plan. **Chiscar o ollo** transmite:

- Enfado.
- Complicidade.
- Ansiedade.
- Cansazo.



Situación 3: Unha persoa está triste e a súa irmá dálle unha aperta. **A aperta** transmite:

- a) Nerviosismo.
- b) Sorpresa.
- c) Estrés.
- d) Afecto.

Situación 4: Unha adolescente pídlle a súa nai un aumento da paga e a nai move a cabeza de lado a lado. **Mover a cabeza de lado** a lado transmite:

- a) Negación.
- b) Dúbida.
- c) Posibilidade.
- d) Afirmación.

Situación 5: Unha nena recibe un aprobado nun exame que contaba suspender e suspira. O suspiro transmite:

- a) Medo.
- b) Preocupación.
- c) Alivio.
- d) Decepción.

SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Contexto 1: Unha avoa nárralle un conto popular galego ás súas netas.

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código
unha avoa	as netas	un conto popular	o aire	lingua galega

Contexto 2: Sofía felicita a súa irmá polo seu aniversario cunha tarxeta que pon "Congratulations!".

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código
Sofía	a irmá de Sofía	felicitación	a tarxeta	lingua inglesa

Contexto 3: Xulia saúda a súa veciña desde o coche levantando a man.

Emisor	Receptor	Mensaxe	Canle	Código
Xulia	a veciña de Xulia	saúdo	a man	xesto

Exercicio 2



"Diálogo" Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso

Contexto: Xael convida a Suevia a un café.

- Emisor: Xael.
- Receptor: Suevia.
- Mensaxe: convite a un café.
- Canle: teléfono móbil.
- Código: lingua galega.



Exercicio 3

Indica a función lingüística presente en cada unha das seguintes oracións:

- a) Función expresiva.
- b) Función fática.
- c) Función apelativa.
- d) Función fática.
- e) Función apelativa.
- f) Función poética.
- g) Función metalingüística.
- h) Función poética.
- i) Función expresiva.
- l) Función metalingüística.

Exercicio 4

Indica a función lingüística presente en cada unha das seguintes oracións:

- a) Función expresiva.
- b) Función apelativa.

Exercicio 5

Indica a mensaxe que transmite cada xesto nas seguintes situacións:

Situación 1: **b) Agobio**

Situación 2: **b) Complicidade.**

Situación 3: **d) Afecto.**

Situación 4: **a) Negación.**

Situación 5: **c) Alivio.**